



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



CONCENTRACIÓN AUGA DOCE 2020

ESCENARIO: Encoro de Portodemouros
DATAS: 19 de agosto 2020

REUNIÓN: No escenario.

Normas xerais.- Esta concentración é de carácter benéfico. Está organizada pola delegación provincial da Federación Galega de Pesca, baixo a supervisión do Comité da especialidade. Os deportistas pagarán a súa inscrición en alimentos (arroz, fariña, pasta, aceite, azucre, leite, etc) na cantidade que eles estimen oportuno. Estes alimentos serán doados a algunha entidade benéfica da zona.

Normativa particular.- O escenario estará dividido en sectores, os cales estarán constituídos por postos de 10 metros aproximadamente, que serán adxudicados ós participantes mediante sorteo. A concentración constará de 2 mangas e os deportistas trocarán posto en cada unha delas.

PROGRAMA

08,00 – 1º sinal.- Entrada ós postos, montaxe do material e probado de calados

09,50 – 2º “ Cebado intensivo.

10,00 – 3º “ Inicio da acción de pesca (1ª manga).

12,55 – 4º “ Sinal de faltan 5 minutos.

13,00 – 5º “ Final da manga.

Farase unha clasificación meramente simbólica. Non haberá pesaxe, cada captura, independentemente do seu tamaño será valorada con 100 puntos. Unha vez rematada a acción de pesca, o deportista, fixese ou non capturas, permanecerá no seu posto de pesca sen manipular as capturas agardando a presenza dos membros da organización. Nese intre o deportista procederá ao conteo das capturas. As capturas voltarán ó redello unha vez contadas e este será introducido na auga. A continuación o deportista actuará como testemuña no conteo do seguinte participante. Ó remate do conteo do sector, os membros da organización darán a orde de voltar os peixes do redello á auga.

Os deportistas, e os seus respectivos clubs, deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting para poder participar. As inscricións deberán facerse antes da data linde do 14 de xullo a ourensedelegacion@fgpesca.org

Por mor da actual crise sanitaria a organización non entregará, nin fará servir, ningunha clase de comida nin bebida aos participantes. Cada participante deberá traer as súas propias bebidas e comidas debidamente identificadas. Prégase consultar na páxina web da Federación o Protocolo Covid-19 (www.fgpesca.org)



Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Segunda manga

14,00 -1ª sinal- Entrada ós postos, colocación do material e proba de calados

15,25 -2º “ Cebado intensivo.

15,30 -3º “ Inicio da acción de pesca (2ª manga).

18,25 -4º “ Sinal de faltan 5 minutos.

18,30 -5ª “ Final da proba. Recollida de recordos

Repetirase o sistema de conteo da 1ª manga

MATERIAL. –Unha cana en acción de pesca con ou sen carrete, podendo ter montadas ou non as que precise (en reserva). A lonxitude máxima da cana será de 13 metros.

ENGODO. – Inspeccionarase o seu volume. Permítese un máximo de 17 litros de engodo listo para empregarse (mollado e cribado) sen compactar nin dar forma en bolas.

CAPTURAS. – As percasoles haberá que gardalas en seco e tamén serán contabilizadas no total de capturas.

Art. 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo.

Para calquera incidencia non prevista nestas bases será de aplicación o Regulamento de Competición da FEPYC.

Para esta concentración o responsable do protocolo COVID-19 será o Presidente do Comité de Auga Doce, Pedro Bolaño Pérez, tlf 643752318

Asdo. Pedro Bolaño Pérez
Pte. Comité de Auga Doce